

005716 29.07.2010 10:42

## INSTRUCCIÓN VIII/2010 DA XERENCIA, SOBRE A APLICACIÓN TEMPORAL DE TARIFAS POR UTILIZACIÓN DA ESTACIÓN CIENTÍFICA DO COUREL

No anexo dos orzamentos do exercicio 2010 non se incluíron de maneira expresa as tarifas por uso da Estación Científica do Courel, dado que este edificio non foi inaugurado ata o mes de xuño do presente ano.

En consecuencia, a Xerencia, en uso das atribucións conferidas pola Resolución Reitoral sobre delegación de competencias en determinados órganos universitarios, e tendo en conta o previsto na Disposición Adicional Terceira das Normas de Execución dos Orzamentos para 2010, logo de consultar coa Vicerreitoría de Investigación e Innovación, resolve:

1. Durante o presente exercicio económico 2010 a Estación Científica do Courel poderá aplicar tarifas idénticas ás aprobadas para a Estación de Bioloxía Mariña da Graña en todos os servizos que estean previstos para esta última.
2. A Xerencia informará ao vindeiro Consello Social desta aplicación temporal das tarifas mencionadas.
3. A Xerencia instará á dirección da Estación Científica do Courel para que, antes da aprobación dos orzamentos para 2011, propoña as tarifas que procedan.
4. As dúbidas que poidan existir na aplicación das tarifas ou na súa repercusión en servizos que non sexan análogos aos existentes na Estación de Bioloxía Mariña da Graña serán resoltas pola Xerencia, logo da consulta á Vicerreitoría de Investigación e Innovación

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2010.

A XERENTE,



María Lourdes Batán Aira